




FELICES FESTAS

O Club Montañeiros Celtas deséxavos unhas moi Felices Festas!
 Queremos agradecervos a vosa paciencia nestes meses tan duros para todas e todos e agardamos poder organizar moitas actividades e volver pasar esos maravillosos momentos todos xuntos.

Felices Festas e Feliz 2021, familia montañeira!



LICENZAS

Lembra que xa podes tramitar as licenzas deportivas: FGM e FGE por ano civil e FEGAS por ano natural(dende a data na que se tramita).



Seccións

Bici de montaña.....	2
Montaña.....	3
Espeleo.....	5
Mergullo.....	5
Federacións.....	6
Vindeiras Actividades.....	7
Calendario de actividades.....	8

Vindeiras Actividades

Este ano 2020 nos aprendeu a adaptarnos aos cambios.

Temos moitas ideas e ganas para este 2021, pero tocará outra vez improvisar e adaptarse. Así que estade atentos aos vosos correos e a web: www.celtas.net na que vos iremos informando de todas as actividades previstas

CONFIDENCIALIDADE: Segundo o Regulamento (UE) 2016/679 RGPD, o responsable do tratamento dos seus datos é CLUB MONTAÑEIROS CELTAS. A finalidade do tratamento é atender ás comunicacións de interese para ambas partes, sendo a base legal o consentimento outorgado. Non se cederán datos a terceiros. Se o desexa, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación e supresión, entre outros, tal e como se explica na información adicional que poderá obter remitindo un correo electrónico ó enderezo administracion2@celtas.net ou nas oficinas do Club.

BICI DE MONTAÑA

Bici de montaña Pontareas- Mondariz- Vilasobroso 18 de outubro

Sobre as dez iniciamos a ruta dende Pontareas e logo fixemos paradiña para contemplar algunhas zonas naturais propicias para o baño e escoitar o paso do curso da auga e, seguimos remontado ata practicamente chegar a Mondariz Balneario. Alí, atravesamos o centro urbano do pobo, para xa case no inmediato iniciar o ascenso e en primeiro lugar chegar ao Castro de Troña e, xa logo ao Castelo.



Ascendemos por estrada e, ignoro canto levábamoxa rodado pero un indicador marcaba o Castro a 200m.; era un indicio de proximidade pero, para esta que escribe, nova no asunto do pedal, foron os 200m máis longos xamais pedaleados. Fixémolo en zigzag e con gran esforzo e á súa vez, con enorme satisfacción ao ver o cartel indicador de que o obxectivo estaba próximo.

O castro de Troña está en moi boi estado de conservación e alí cóntanse varias lendas; clásica algunha como a da serpe, animal que pode verse perfectamente nun petróglifo. Unha ermida está no medio do conxunto arqueolóxico, no alto do mesmo. Alí recuperamos folgos e, xa puidemos contemplar as vistas desde o alto así como algunhas setas de gran tamaño dispostas para algún padal atrevido.

Xa repostos os corpos, seguimos rumbo ao castelo por pistas de gran pendente que facía imposible manterse enriba da bicicleta. Próximo ao castelo puidemos remontar na bici por zonas transitables e gozar do paseo e vexetación da contorna. Rodeamos o castelo e, fixemos tempo para reagruparnos pois houbo quen fixo voluntariamente kms de máis. Xa unha vez recuperadas as enerxías e identificadas as diferentes tipoloxías de árbores deixámonos sorprenden polo Alcanforeiro; árbore descoñecida para a maioría dos presentes e, retomamos camiño de volta.

Inxenuamente houbo quen imaxinamos que, despois de tanto subir, o camiño de volta ía ser sinxelo,... e non foi así. Tomamos rumbo á Pontareas por montes que non sei nomear, non faltos de subidas e baixadas e pasamos por algunha zona de carreteira con fermosos e grandes penedos. Castañas, medroños e algunha que outra mazá serviron de avituallamento nas pistas e camiños que seguiron pondo a proba a nosa forza física sendo capaces de chegar ao destino final.

Finalizada a ruta, saboreamos tapiña de polbo, pincho de tortilla e fixemos brinde con vermú que xa ven sendo habitual como xeito de celebración polo goce da xornada. Gloria P.

Bici de montaña polos montes de Vigo 8 de novembro

Antes de abrir os ollos o domingo pola mañá ben cedo, o ruído enxordecedor da chuvia deixaba ben claro que a actividade de bici prevista para ese día quedaba suspendida. Dúas horas máis tarde estabamos a pedaleando polos montes de Vincios e non deixamos de facelo ata tres horas e media despois. Xusto as 10.00 h deixou de chover e non volveu facelo ata as 13.30.

A ruta foi para perderse, vamos que se tivese que repetila non sería capaz. Saímos do Centro Cultural de Bembrive e ao pouco collemos o camiño do Río Eifonso, con un considerable desnivel e moitos sube-baixa, incluso dous duros tramos de escaleiras nos que tivemos que tirar da bici ata chegar a carballeira da igrexa de San Cibrán. De aí, tiramos cara ao CUVI por algún tramo de estrada e pistas sucesivas con impresionantes vistas sobre a cidade de Vigo. Demos unha volta entre as facultades da universidade e enfiamos ao alto de San Cosme a por churros. De San Cosme decidimos volver tamén polo CUVI, pero por unha parte máis baixa, o que nos aforrou un desnivel considerable. Deixamos a universidade atrás para emprender a baixada por unha pista que atravesa unha zona boscosa e como a chuvia ameazaba de novo decidimos atallar pola estrada que nos levou directamente a Bembrive.

Conseguido! Non hai que amedrentarse ante o peor dos prognósticos ata o último momento. Melu L.



MONTAÑA

Travesía polos Ancares 10 - 12 outubro

Chegamos ao Porto de Ancares o sábado sobre as 10 da mañá, onde nos recibiu unha néboa intensa e fría para acompañarnos durante todo o percorrido ao Miravales, unha crista espectacular e de pouco desnivel, perfecta para un día no que madrugamos moito, o corpo está frío e a mente algo durmida.

Unha pena que non puidésemos gozar

das vistas sobre Balouta a un lado e Tejeda ao outro. Aínda así, foi un pracer camiñar pola montaña que “mira aos vales”. Comemos na cima baixo un raio de sol inesperado que nos conforta e nos da alegría. A volta, o tempo mellora e por fin “miramos os vales”.

Esta primeira noite de reencontro cos Ancares, durmimos en Degrada, Campa da Braña. Hospedámonos entre os dous mesóns, onde non ceamos nada mal e o ambiente cálido animou a conversa.



Ao día seguinte un ceo sen nubes disipa dúbidas e promete unha tregua, así que un grupo, oito decidimos facer unha parte da travesía, dende Porto de Ancares ata o Tres Bispos. A maior parte do tempo camiñamos xunto ao resto do grupo, subimos primeiro ao Cuíña e como se dun tobogán se tratase, descendemos para volver a subir ao Pena Longa e dende aquí ao Mustallar pola súa cansina e interminable ladeira.

Dende a cima do Mustallar observamos o que nos queda mentres comemos, un cordal infinito que se perde no horizonte, picos e picos que non acertamos

a identificar, pensamos, erroneamente, que o noso obxectivo está moi lonxe.

Retomamos a marcha e logo descubrimos o noso erro, o que nos fai sentir un grande alivio. Esta parte do percorrido é preciosa. Unha crista moito máis estreita e divertida, con equilibrios, trepadas e descensos entre as rochas.

So dúas horas despois estamos subindo ao Tres Bispos. Facémolo pola parede de atrás, a que da a parte leonesa.

A nosa intención era pasar a noite no refuxio do Brego, pero a maleza estaba tan crecida que no demos atopado o camiño de xeito que optamos por dirixirnos a Caseta das charcas que estaba en moi bo estado e foi o escenario dunha animada velada cun gran lume acendido ao que demos as grazas.

O seguinte día, o luns, amence igual de despexado. Subimos ata o pé do Tres Bispos onde o grupo se divide en dous, catro deciden seguir polo cordal en dirección ao Pena Rubia para virar a dereita polo camiño que baixa ao refuxio do Brego, remontar ata a Portela da Vara, baixar ao río Var para chegar a Degrada, Campa da Braña, pola pista que pasa por Cabana Vella.

Os outros catro decidimos ir directamente a

Degradada e esperar mentres gozamos dun tempo de viños e conversas. Polo camiño cruzámonos co grupo que onte baixou a durmir aos hostais e deixaron o Tres Bispos para hoxe.

Finalmente xuntámonos todos e compartimos mesa unha vez máis antes de regresar. Melu L.



MONTAÑA

Travesía por Trevinca 21-22 de novembro

Nunha época na que facer actividades de montaña resulta un tanto complicada, o 21 e 22 de novembro realizamos unha actividade cun pouco de apuro no tempo para a inscrición.

Pero, para alí saímos 5 montañeiros a facer unha moi bonita travesía cun tempo espléndido.

Iniciamos a travesía dende as minas de Casaio, descendendo para entrar no Teixadal, un precioso bosque de teixos, segundo din, o máis importante de Europa. Unha dura e longa ascensión levounos cara o Pena Surbia, gozando das preciosas vistas e da luz dun día claro.

Coa idea de ir buscando un sitio adecuado para o “vivac”, fomos avanzando por un sendeiro bastante cómodo e así fixemos unha parte da ruta do día seguinte. Por fin cear e durmir, longas horas nos esperaban dentro das tendas e nun chan cómodo, que máis se pode pedir nun hotel de millóns de estrelas?

Ao pouco de espertar e levantarnos, o sol comezou a quentarnos e invitarnos a continuar a nosa ruta cara o Penas Negras, foto de cima e descenso suave para achegarnos ao Trevinca e de novo gozar da luz dun día espléndido.

Pouco a pouco e xa case todo o camiño en descenso, fómomos achegando ao final do camiño e de volta aos coches.

Foi unha fin de semana cun grupo dun gran valor humano. Federico R.



ESQUÍ

Iniciación esquí de travesía en Manzaneda 13 de decembro

A preparación da actividade comezou o sábado no club, poñendo os esquís a punto. Alí Fernando e Marcos déronnos indicacións de como ter o equipo a punto para facer a actividade de esquí.

Desgraciadamente as condicións de neve non eran as axeitadas para practicar o esquí de travesía. Pero as ganas de ir á montaña eran grandes e decidimos ir ata Manzaneda.

Alí chegamos o domingo pola mañá. A neve era pouca, só algúns neveiros no cumio. Pero aínda así houbo quen practicou o esquí, foqueando, facendo a volta María e descendendo polos neveiros.

O resto dedicámonos a patear polas sendas e os bosques de Cabeza e Manzaneda, disfrutando dun marabilloso día de montaña. Xulio T.



ESPELEO

Covas do Folón

31 de outubro

As previsións non eran as mellores. O mal tempo e a Covid 19, conxuraban para que a actividade non se levase a cabo. Sen embargo mantivemos a esperanza e puxemos en marcha a operación “completar o material que falta”. Cando xa todo estaba preparado, un día antes e sen previo aviso, decretábase o peche perimetral da cidade de Vigo e a prohibición de reunións para persoas non convivintes. Unha historia de terror á medida do mellor Samaín.

Pois non, todo saíu ben. O tempo acompañou, nin demasiado frío, nin demasiada calor. As Covas do Folón están incluídas dentro da área perimetral da área de Vigo, e por actividade federada a reunión estaba permitida. YUPIIII.

Despois de moitas risas mentres nos vestíamos, os neoprenos son moi axustados e non sempre se corresponden coa nosa talla, comezamos a aventura. Cando chegas á zona da entrada da cova, parece un mundo a parte. Non ten nada que ver co mundo que o rodea. Despois dos incendios do ano 2017 esta zona quedou moi deteriorada, sen embargo a entrada mantén o seu encanto.

Para entrar na cova o noso guía Diego montou un rapel para descender ás profundidades da terra. E desde alí partiu o camiño. As covas do Folón son covas graníticas, non teñen a estrutura típica doutras covas. Son moito máis estreitas e nelas resulta máis difícil avanzar. Estaban un pouco máis cubertas de auga que noutras épocas do ano, o que fixo que tivéssemos que pasar dous sifóns para poder continuar o camiño. Esta ruta levounos a unha marabillosa ferverza chea de auga, perfecta para rapelar, e desde aí chegamos a parte final da cova e facendo unha pequena escalada, a saída.

Definitivamente, unha gran cova, non apta para claustrofóbicos. Na saída volvemos a ese mundo marabillosa, que nos transporta ás selvas tropicais cun microclima especial de calor e humidade.

A xente marabillosa, o guía experimentado e experto coñecedor das covas do Folón. A verdade que da gusto poder compartir actividades tan emocionantes con xente coa que te podes sentir segura e apoiada en todo momento.

Un verdadeiro luxo, os compañeiros de Montañeiros Celtas e un lugar onde a aventura e a emoción está garantidas a minutos do centro de Vigo. Lupe R.



MERGULLO

Praia da Lagoa. Ría de Vigo

1 de novembro

O domingo, 8 de novembro un grupo de mergulladores somerxémonos na ría de Vigo, máis concretamente na Praia da Lagoa. Acadamos unha profundidade de 8,5 m, cunha temperatura de 14º e estivemos baixo a auga durante 61 min. Durante este tempo puidemos observar centolas, “tembladeras”(familia do peixe raia), congros, cabaliños do demo, espirógrafos, lumbrigantes, maragotas, sargos, robalizas, nécoras e chocos.

Pero o que realmente fixo desta actividade algo diferente e especial foi o avistamento dunha xigante medusa augamala de 1m de diámetro, propia das augas do Mediterráneo e unha auténtica rareza na nosa ría. Diego M.



FEDERACIONES

LICENZAS

Xa podedes tramitar as vosas licenzas. As correspondentes ás Federacions de Montañismo e Espeleoloxía teñen vixencia do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2021. A licenza da Federación de Actividades Subacuáticas ten vixencia durante o período dun ano natural.

Estar federado dá dereito a participar con preferencia nas actividades federativas, participar nos cursos das Escolas de cada federación, uso de refuxios galegos e os que se teña convenio en cada federación, comunicacións periódicas, participar nas competicións oficiais de cada federación e outras vantaxes.

Antes de tramitar a vosa licenza, informádevos sobre as actividades que cubre cada Federación e a modalidade da licenza que máis vos convén, así coma dos descontos que se aplican.

Tedes toda a información no Club ou nas páxinas web das Federacions.

Fedérate!



LICENCIA FEDERATIVA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO PREZOS E COBERTURAS

2021 SEGUROS MAPFRE

MODALIDADE	A	B	C	D	E	OT	AU
AMBITO TERRITORIAL	ESPAÑA, PORTUGAL, PIRINEO FRANCÉS, ANDORRA E MARROCOS	ESPAÑA, PORTUGAL, PIRINEO FRANCÉS, ANDORRA E MARROCOS	B MÁIS EUROPA	MUNDIAL (EXCEPTO EXPEDICIONS POLARES E MONTAÑAS DE MÁIS DE 7.000 M.)	MUNDIAL (PARA EXPEDICIONS POLARES E MONTAÑAS DE MÁIS DE 7.000 M.)	IDEM A B (SÓ O OUTUBRO, NOVENBRO E DECEMBRO) (1)	GALICIA
DISCIPLINAS ASEGURADAS	Excursionismo, Campamentos, Marchas e Sondexismo, Marcha Híbrica (sen incluír a Alta Montaña en ningún caso)	Excursionismo, Campamentos, Marchas, Sondexismo, Rocedismo, Alpinismo, Montaña e Alta Montaña, Escalada, Barrancos, Canchais por Montaña, Espeleotour, Raquetas de Neve, Esquí de Montaña, Canchais, Snow Montaña, Marcha Híbrica, Spiltboard e Vías Ferradas	Idem as de B	Idem a C	Idem a D	Idem as de B	Idem as de B só en Galicia
Infantis (de 9 a 13 anos) (2)	20 €	21 €	30 €	47 €	x	x	17 €
Xuvenis (de 14 a 17 anos) (2)	42 €	46 €	64 €	97 €	x	30 €	36 €
Maiores (maiores 18 anos) (2)	72 €	76 €	122 €	179 €	779 €	52 €	53 €

SUPLEMENTOS: BTT (+28,00 €), ESQUÍ ALPINO (+38,00 €), ESQUÍ DE FONDO NORDICO (+8,00 €) E SNOWBOARD (+ 63,00 €)

(1) As licenzas OT son Licenzas tipo B ao para os meses de outubro, novembro e decembro para persoas que federárense por primeira vez.

(2) Categoría infantil: Alta 13 anos cumpridos no 2021. Categoría xuvenil: de 14 a 17 anos cumpridos no 2021. Categoría maiores de 18 a 89 anos cumpridos en 2021.

(3) Novidade: licenzas maiores D2 a 294€ e E2 a 880€ coas mesmas características da D e a E, pero coberturas de 40000€ asistencia sanitaria no estranxeiro e hasta 30000€ gastos de rescate fora do territorio español

Seguro diario 1: 4 € Seguro diario 2: 6€

Federación Galega de Espeleoloxía

LICENZAS 2021
Prezos aprobados na Asemblea Xeral da FGE de 19 de decembro de 2020.
Resumo de prezos. Válido ata o 31 de decembro de 2021.

PREZOS LICENZAS FEDERATIVAS

MODALIDADE	Afiado a un club		INDIVIDUAL		
	BÁSICA	PLUS	BÁSICA	PLUS	
A - España, Pirineo francés e Andorra	Maior	47,64 €	83,25 €	77,64 €	113,25 €
	Xuvenil	27,17 €	63,77 €	57,17 €	93,77 €
	Infantil	24,17 €	60,77 €	54,17 €	90,77 €
B - Europa e Marrocos	Maior	61,26 €	90,58 €	91,26 €	120,58 €
	Xuvenil	36,59 €	66,96 €	66,59 €	96,96 €
	Infantil	33,59 €	63,96 €	63,59 €	93,96 €
B1 - Mundial	Maior	80,10 €	132,48 €	110,10 €	162,48 €
	Xuvenil	64,87 €	119,83 €	94,87 €	149,83 €
	Infantil	61,87 €	116,83 €	91,87 €	146,83 €
Temporal 1 Día Descubrimento ata en cavidades clase 2 e canóns clase 1V-1A.	Maior	5,50 €			
	Xuvenil	5,50 €			
	Infantil	5,50 €			
Temporal 3 DÍAS Descubrimento ata en cavidades clase 2 e canóns clase 1V-1A.	Maior	21,88 €			
	Xuvenil	21,88 €			
	Infantil	21,88 €			
OUTONAL Só para os meses do outono (do 01/09 a 31/12)	Maior	45,13 €			
	Xuvenil	45,13 €			
	Infantil	45,13 €			

LICENZAS FEGAS

Válida 1 ano dende a data na que se tramita

Licenza Infantil: 20€
Licenza Senior Deportiva: 40€
Licenza Técnico: 50€



Escola de Escalada: “De 0 ao Cumio do Urriellu”

O día 8 de xaneiro teremos unha reunión informativa para presentarvos:

A ESCOLA DE ESCALADA DO CLUB MONTAÑEIRO CELTAS “ De 0 ao Cumio do Urriellu”.

Este proxecto será a preparación para realizar o percorrido con garantías durante un ano e medio de preparación constante, partindo dun inicio que é o de non ter experiencia en escalada tanto deportiva como de montaña. A saída está colocada no nivel 0 e culminará coa ascensión ao Urriellu pola súa vía normal.

Eleccións FEDME

Este mes de decembro tiveron lugar as Eleccións da FEDME 2020.

Damos a noraboa ao noso socio Fernando Fernández Rey que foi elixido coma representante dos Deportistas.

Proba Tecnificación

Desexamos aos nosos escaladores máis novos que o pasaran ben e os mellores resultados nas probas de Tecnificación de Escalada que tiveron lugar o día 20 de decembro no Rocódromo de Lugo.



HOMENAXEADOS

Este ano por mor da Covid-19 non poderemos celebrar a habitual Cea Social, así que teremos que agardar a cea do ano 2022 para entregar as medallas correspondentes aos nosos queridos socios que cumpren 25 e 50 anos con nós.

ASOCIADOS 50 ANOS NO CLUB

- 4776 Alba M^a Vázquez Fernández
- 4793 M^a Manuela Cerviño Clavo
- 4874 Ángel Armada Lago
- 4876 Diego José Pío Vaquero
- 4886 M^a Concepción Vaquero Martínez



ASOCIADOS 25 ANOS NO CLUB

- 8272 Manoel Antón Chao Santos
- 8273 Ana M^a Couñago Rodríguez
- 8275 Marcos Pérez Rivas
- 8283 Gaspar Ribe Bargallo
- 8284 Nuria Aubeso Duch
- 8345 Ramón Vila Anca
- 8289 Javier Balado García
- 8291 Cándido Blanco Blanco
- 8371 Alberto Filgueira Alonso
- 8324 Iria Cotarelo Cid
- 8323 Rosa M^a Cid Fernández
- 8327 Andrea Casado Estévez
- 8328 Ana Belén López Díaz
- 8336 M^a Teresa Celemín Porrero
- 8337 Verónica Blanco Balado



Edita: Club Montañeiros Celtas Edición: Mónica Vila/ Melu L.
 Colaboran neste número: Melu L., Gloria P., Diego M., Federico R., Lupe R., Xulio T., José Luis V.
 Imprime: Copypucho
 DP: vg-40-1998 Impreso en papel reciclado

X A N E I R O	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	1	Primeira actividade montañeira do ano ao Galiñeiro	Montaña-Sendeiro
	17	Bici de Montaña	Bici
	23-24	Actividade de esquí Cordilleira Cantábrica	Esquí
	31	Sendeiro Picaraña , Castelo de Vilasobroso , Castro de Troña	Montaña-Sendeiro

F E B R E I R O	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	6-7	Actividade de Esquí e raquetas da FGM	Esquí
	13	Furnas do Morrazo	Espeleoloxía/Escalada
	20-21	Xornada de esquí alpino en San Isidro	Esquí
	27-28	XeoCourel	Montaña-Sendeiro
	28	Bici de Montaña	Bici
	28	Xogando en familia	M Ambiente-Cultura

M A R Z O	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	6-7	Actividade de esquí na Cordilleira Cantábrica	Esquí
	7	Pequemarcha Galiñeiro	Cultura e M Ambiente
	13-14	XeoCourel	Montaña-Sendeiro
	20-21	Actividade en Mondoñedo	Espeleoloxía/Escalada
	21	Bici de Montaña	Bici

**Publicorreo
Óptimo**

MONTAÑEIROS CELTAS

CLUB MONTAÑEIROS CELTAS
 Avda. Camelias, 78 oficina k – 36211 Vigo
 Teléfono 986 438 505 /   @clubmontaneiroseltas
www.celtas.gal / info@celtas.net